

QUE FACER ANTE A APARICIÓN OU A COMUNICACIÓN DUN CASO DE COVID-19 NUN CENTRO DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA

INTRODUCCIÓN

Os centros da Universidade da Coruña (UDC) son espazos de convivencia onde é necesario establecer protocolos de actuación para reducir a probabilidade de transmisión ante a aparición de casos de COVID-19 posibles, probables ou confirmados debido á mobilidade e ao contacto entre as persoas.

As medidas para unha contención rápida da infección inclúen a xestión adecuada no centro universitario das persoas que inician os síntomas, unha identificación precoz dos casos, a corentena e o seguimento dos contactos estreitos, amais da identificación de posibles focos de transmisión en colectivos específicos. Estas accións requiren que os centros manteñan unha comunicación fluída e continuada coas autoridades competentes en saúde pública.

Ante os diferentes escenarios que poidan darse, débese organizar unha pronta resposta que permita controlar un posible gromo.

OBXECTIVO

O obxectivo deste documento é servir de guía de actuación que permita o establecemento das medidas de contención axeitadas ante a comunicación dun caso ou ante a aparición dunha persoa con síntomas compatibles coa COVID-19 en calquera dos centros da UDC.

DEFINICIÓNS

Contacto estreito

Quen estivese no mesmo lugar que un caso posible, probable ou confirmado mentres esta persoa presentaba síntomas, a unha distancia menor de 2 metros (compañeiros de traballo, visitas etc.).

Persoas que compartisen o mesmo espazo pechado (despacho, sala, recinto deportivo, espectáculo, avión etc.) con outra contaxiada, probable ou posiblemente, durante máis de 15 minutos seguidos mentres esta persoa presentase síntomas. No caso dos avións, isto tamén afecta á tripulación.

No ámbito sanitario, a persoa asintomática que proporcionase coidados a outra infectada, ou probable ou posible contaxiada de COVID-19.

Calquera persoa do ámbito sanitario/asistencial que proporcionase coidados mentres o caso presentaba síntomas: traballadores sanitarios que non utilizaron as medidas de protección adecuadas, familiares ou persoas que teñan outro tipo de contacto físico similar.

Convivintes, familiares e persoas que estivesen no mesmo lugar que un caso mentres este presentaba síntomas, a unha distancia menor de 2 metros, durante un tempo de polo menos 15 minutos.

Contacto probable

Caso de infección respiratoria aguda grave con criterio clínico e radiolóxico compatible cun diagnóstico de COVID-19 non confirmado.

Contacto posible

Caso con infección respiratoria aguda leve ao que non se lle realizou unha proba de diagnóstico microbiolóxico.

Código Seguro De Verificación	jMapx4j40Xqbx8yKFWshg==	Estado	Data e hora	
Asinado Por	José Antonio Bouzas Gómez	Asinado	10/09/2020 08:36:35	
Observacións		Páxina	1/8	
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/jMapx4j40Xqbx8yKFWshg==			

Contacto casual

Calquera outra persoa que estivese compartindo un espazo pechado cun caso mentres era sintomático, pero que non cumpra cos criterios de ser contacto estreito, nin probable nin posible.

Persoa sintomática ou sospeitosa

Persoa que presenta síntomas evidentes compatibles coa COVID-19: febre (máis de 37,3 °C), tose e/ou dificultades respiratorias.

Síntomas como a odinofaxia, anosmia, axeusia, dores musculares, diarreas, dor torácica ou cefaleas, entre outros, poden ser considerados tamén síntomas de sospeita de infección polo SARS-CoV-2 segundo o criterio clínico.

Persoa asintomática

Persoa que aínda que non presenta síntomas, padece a enfermidade e pode contaxiala.

Corentena

É a separación e a restrición de movementos imposta a unha persoa que pode atoparse en contacto cunha fonte de infección, pero que está completamente asintomática. O obxectivo da corentena é lograr que, no caso de que a persoa se infectase, non transmita á súa vez a infección a outros.

Illamento

É a separación e a restrición de movementos imposta a unha persoa cuxo contacto cunha fonte de infección está confirmado.

XESTIÓN DOS CASOS

Como recolle o Plan de prevención e hixiene fronte á COVID-19 da UDC para o curso 2020/21 no punto 4.5, **NON** poderán acceder ao centro educativo aquelas persoas con [síntomas compatibles coa COVID-19](#), aquelas ás que se lles diagnosticase a enfermidade e que non finalizasen o período de illamento requirido ou aquelas outras que se encontren en período de corentena domiciliaria por contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada de COVID-19.

Deberán comunicar esta situación ao/a responsable COVID do centro, ao correo electrónico info.covid@udc.gal e ao Servizo de Prevención de Riscos Laborais (prl@udc.gal) co fin de que se adopten as accións oportunas.

Co obxecto de dar pautas de actuación ante un posible caso de COVID-19 dividiremos a xestión dos casos en dous grupos:

- CASO 1:** presenza dunha persoa con síntomas compatibles coa COVID-19 no centro universitario
- CASO 2:** comunicación dunha persoa do centro dun caso de COVID-19 posible, probable ou confirmado

Código Seguro De Verificación	jMapx4j40Xqbxe8yKFwshg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	José Antonio Bouzas Gómez	Asinado	10/09/2020 08:36:35
Observacións		Páxina	2/8
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/jMapx4j40Xqbxe8yKFwshg==		



CASO 1: presenza dunha persoa con síntomas compatibles coa COVID-19 no centro universitario

Se un membro da comunidade universitaria presente nun centro da UDC ten síntomas compatibles coa COVID-19, considerarase como un caso sospeitoso. Por tanto, segundo recolle o Plan de prevención e hixiene fronte á COVID-19 da UDC para o curso 2020/21 no punto 4.5, actuarase de acordo coas seguintes pautas:

- Contactarase co número de atención sobre COVID-19 da Xunta de Galicia (900 400 116) ou Urxencias do Sergas (061), co fin de comunicar a posible existencia dun caso e recibir as indicacións que cumpra seguir.
- No caso de percibir que a persoa que inicia os síntomas está nunha situación de gravidade ou ten dificultade para respirar avisarase ao 112.
- Avisarase ao/á responsable COVID do centro para xestionar o posible caso. Realizarase unha comunicación inicial do caso ao correo electrónico info.covid@udc.gal e ao Servizo de Prevención de Riscos Laborais (prl@udc.gal).
- Facilitarase unha máscara cirúrxica á persoa con síntomas e outra máscara de tipo FFP2 á persoa que a acompañará (recollelase na conserxaría ou no local habilitado para a xestión dos casos de COVID-19, segundo proceda).
- Tomaráselle a temperatura á persoa con síntomas cun termómetro infravermello que estará dispoñible no centro.
- Trasladarase esta persoa ao local habilitado para a xestión dos casos de COVID-19 para o seu illamento.
- No traslado evitase o contacto desta persoa coas outras presentes no centro.
- De confirmarse o caso ou existir dúbidas, deberanse limpar e desinfectar os locais e equipamentos coa maior brevidade posible, así como proceder á ventilación dos espazos.
- Recompilarase a información de todas as persoas que estivesen en contacto co posible positivo, co fin de que no caso de se confirmar se adopten as medidas oportunas para limitar os posibles contaxios.

A persoa afectada considerarase caso sospeitoso e deberá permanecer illada no seu domicilio até dispor dos resultados das probas diagnósticas de detección da COVID-19, segundo se refire na [Estratexia de detección precoz, vixilancia e control](#).

Se os resultados das probas son **NEGATIVOS** poderá reincorporarse con normalidade ao centro, a menos que as autoridades sanitarias indiquen outra cousa.

Se os resultados das probas son **POSITIVOS** non debe acudir ao centro, ten que permanecer en illamento até que o indiquen as autoridades sanitarias. Neste caso, se o/a afectado/a é persoal da UDC, o/a médico/a de cabeceira daralle a BAIXA médica e realizarase o estudo de contactos no medio educativo e fóra deste mediante a súa identificación, clasificación e seguimento, de acordo cos protocolos establecidos na Comunidade Autónoma de Galicia.

Nos dous casos informarase dos resultados, coa maior brevidade posible, ao/á responsable COVID do centro, ao correo electrónico info.covid@udc.gal e ao Servizo de Prevención de Riscos Laborais (prl@udc.gal).

Na Comunidade Autónoma de Galicia encargarse do estudo dos contactos a Central de Seguimento de Contactos (CSC).

Código Seguro De Verificación	jMapx4j40Xqbx8yKFWshg==	Estado	Data e hora	
Asinado Por	José Antonio Bouzas Gómez	Asinado	10/09/2020 08:36:35	
Observacións		Páxina	3/8	
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/jMapx4j40Xqbx8yKFWshg==			

CASO 2: comunicación dunha persoa do centro dun caso de COVID-19 posible, probable ou confirmado

Se un membro da comunidade universitaria comunica ao/á responsable COVID do centro, á persoa que é a súa responsable directa, ao correo electrónico info.covid@udc.gal e ao Servizo de Prevención de Riscos Laborais (prl@udc.gal) un contacto cun caso de COVID-19 posible, probable ou confirmado, os protocolos de actuación son os seguintes:

Contacto estreito cun POSITIVO

O membro da comunidade universitaria porase en corentena domiciliaria á espera das accións que adopten as autoridades sanitarias.

- a) No caso de que as autoridades sanitarias non consideren oportuno realizarlle as probas para detectar a COVID-19, manterá a corentena e fará teletraballo, docencia en remoto ou teleformación, se for posible, até a data en que poida incorporarse segundo as instrucións das autoridades sanitarias.
- b) No caso de que as autoridades sanitarias consideren oportuno realizarlle as probas para detectar a COVID-19:

Se o resultado é **POSITIVO** pasará á situación de illamento até que o indiquen as autoridades sanitarias. O/a médico/a de cabeceira daralle a BAIXA médica e realizarase o estudo de contactos no medio educativo e fóra deste mediante a súa identificación, clasificación e seguimento, de conformidade cos protocolos establecidos na Comunidade Autónoma de Galicia.

Se o resultado é **NEGATIVO** manterá a corentena e fará teletraballo, docencia en remoto ou teleformación, se for posible, até a data en que poida incorporarse segundo as instrucións das autoridades sanitarias.

Nos dous casos informárase dos resultados, coa maior brevidade posible, ao/á responsable COVID do centro, ao correo electrónico info.covid@udc.gal e ao Servizo de Prevención de Riscos Laborais (prl@udc.gal).

Contacto estreito dunha persoa convivinte cun POSITIVO

A persoa convivinte porase en corentena domiciliaria á espera das accións que adopten as autoridades sanitarias.

- a) No caso de que as autoridades sanitarias non consideren oportuna a realización das probas para detectar a COVID-19 á persoa convivinte, esta manterá a corentena seguindo as instrucións das autoridades sanitarias. O membro da comunidade universitaria terá a consideración de contacto casual cun positivo, polo que continuará coa súa actividade laboral normal e se efectuará unha vixilancia pasiva da aparición de síntomas.

- b) No caso de que as autoridades sanitarias consideren oportuna a realización das probas para detectar a COVID-19 á persoa convivinte, o membro da comunidade universitaria porase en corentena até ter os resultados destas probas.

Se o resultado é **POSITIVO**, a persoa convivinte pasará á situación de illamento até que o indiquen as autoridades sanitarias. O membro da comunidade universitaria seguirá o protocolo indicado no punto «Contacto estreito cun positivo».

Se o resultado é **NEGATIVO** continuará coa súa actividade laboral normal.

Nos dous casos informárase dos resultados, coa maior brevidade posible, ao/á responsable COVID do centro, ao correo electrónico info.covid@udc.gal e ao Servizo de Prevención de Riscos Laborais (prl@udc.gal).

Código Seguro De Verificación	jMapx4j40Xqbxe8yKFWshg==	Estado	Data e hora	
Asinado Por	José Antonio Bouzas Gómez	Asinado	10/09/2020 08:36:35	
Observacións		Páxina	4/8	
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/jMapx4j40Xqbxe8yKFWshg==			

Contacto casual cun POSITIVO

Continuarase coa actividade laboral normal e efectuarase unha vixilancia pasiva da aparición de síntomas.

SEGUIMIENTO DE CONTACTOS

A clasificación e o seguimento dos contactos, de acordo cos protocolos establecidos na Comunidade Autónoma de Galicia, é tarefa da Central de Seguimento de Contactos (CSC).

Todos os posibles casos de COVID-19 recibirán unha chamada telefónica da CSC, coa finalidade de realizarlles unha enquisa epidemiolóxica e identificar as persoas coas que mantiveron un contacto estreito.

A cada unha das persoas que tivo este tipo de contacto chamaráselles tamén por teléfono, para identificalas de maneira precisa, realizarlles unha enquisa epidemiolóxica e iniciar a partir dese momento un seguimento continuado.

Estas chamadas faranse desde un teléfono que comeza por 981 219 ***, polo que se recibes unha chamada desde ese número, por favor, contéstaa.

No caso de que teñas unha chamada perdida desde ese número, por favor, devolve esa chamada en horario de 9 a 22 horas.


No caso de que recibas un SMS solicitándoches que te poñas en contacto, por favor, chama ao número que se che indique seguindo as instrucións do SMS.

Código Seguro De Verificación	jMapx4j40Xqbx8yKFWshg==	Estado	Data e hora	
Asinado Por	José Antonio Bouzas Gómez	Asinado	10/09/2020 08:36:35	
Observacións		Páxina	5/8	
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/jMapx4j40Xqbx8yKFWshg==			

QUE FACER NO CASO DE QUE UNHA PERSOA PRESENTE NO CENTRO UNIVERSITARIO TEÑA SÍNTOMAS COMPATIBLES COA COVID-19?

Aplicaranse as pautas do Plan de prevención e hixiene fronte á COVID-19 da Universidade da Coruña para o curso 2020/21 (punto 4.5)

- Contactarase co número de atención sobre a COVID-19 da Xunta de Galicia (900 400 116) ou Urgencias do Sergas (061) co fin de comunicar a posible existencia dun caso e recibir as indicacións que cumpra seguir.
- No caso de percibir que a persoa que inicia os síntomas está nunha situación de gravidade ou ten dificultade para respirar avisarase ao 112.
- Avisarase ao/á responsable COVID-19 do centro para xestionar o posible caso. Realizarase unha comunicación inicial do caso ao correo electrónico info.covid@udc.gal e ao Servizo de Prevención de Riscos Laborais da UDC (prl@udc.es).
- Facilitarase unha máscara cirúrxica á persoa con síntomas e outra de tipo FFP2 á persoa que a acompañará (recolleranse na conserxaría ou no local habilitado para a xestión dos casos de COVID-19, segundo proceda).
- Tomaráselle a temperatura á persoa con síntomas cun termómetro infravermello que estará dispoñible no centro.
- Trasladarase a esta persoa ao local habilitado para a xestión dos casos de COVID-19 para o seu illamento.
- No traslado evitarase o contacto desta persoa coas outras presentes no centro.
- De confirmarse o caso ou existir dúbidas, deberase limpar e desinfectar os locais e os equipamentos do centro coa maior brevidade posible, así como proceder á ventilación dos espazos.
- Recompilarase a información de todas as persoas que estivesen en contacto co posible positivo, co fin de que no caso de se confirmar se adopten as medidas oportunas para limitar os posibles contaxios.



INFORMA dos resultados, coa maior brevidade posible, ao/á responsable COVID do centro, ao correo electrónico info.covid@udc.gal e ao Servizo de Prevención de Riscos Laborais (prl@udc.gal).


Código Seguro De Verificación	jMapx4j40Xqbxe8yKFWshg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	José Antonio Bouzas Gómez	Asinado	10/09/2020 08:36:35
Observacións		Páxina	6/8
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/jMapx4j40Xqbxe8yKFWshg==		



CASO DE COVID-19 POSIBLE, PROBABLE OU CONFIRMADO

COMUNICA o caso ao/á responsable COVID do centro, á persoa que é a túa responsable directa, ao correo electrónico info.covid@udc.gal e ao Servizo de Prevención de Riscos Laborais (prl@udc.gal).

Contacto ESTREITO CUN POSITIVO



INFORMA dos resultados, coa maior brevidade posible, ao/á responsable COVID do centro, ao correo electrónico info.covid@udc.gal e ao Servizo de Prevención de Riscos Laborais (prl@udc.gal).


Código Seguro De Verificación	jMapx4j40Xqbxe8yKFWshg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	José Antonio Bouzas Gómez	Asinado	10/09/2020 08:36:35
Observacións		Páxina	7/8
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/jMapx4j40Xqbxe8yKFWshg==		



CASO DE COVID-19 POSIBLE, PROBABLE OU CONFIRMADO

COMUNICA o caso ao/á responsable COVID do centro, á persoa que é a túa responsable directa, ao correo electrónico info.covid@udc.gal e ao Servizo de Prevención de Riscos Laborais (prl@udc.gal).

Contacto ESTREITO DUNHA PERSOA CONVIVINTE CUN POSITIVO



INFORMA dos resultados, coa maior brevidade posible, ao/á responsable COVID do centro, ao correo electrónico info.covid@udc.gal e ao Servizo de Prevención de Riscos Laborais (prl@udc.gal).

Código Seguro De Verificación	jMapx4j40Xqbxe8yKFWshg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	José Antonio Bouzas Gómez	Asinado	10/09/2020 08:36:35
Observacións		Páxina	8/8
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/jMapx4j40Xqbxe8yKFWshg==		

